

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 28 DE SETEMBRO DE 2017

Comprobada a existencia de quórum, ás 09:39 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

1. Informe do reitor

O **reitor** comezou informando da baixa do xerente da Universidade por un tempo mínimo de tres meses, durante os cales será suplido pola vicexerenta, Yolanda Calaza Parajes, presente na sesión en tal condición. Sinalou que ante a dificultade que a ausencia do xerente vai supor para a xestión dos procedementos e negociacións pendentes co PAS, e logo de se xuntar coa Xunta de Persoal, están a estudarse diferentes alternativas para reforzar a Xerencia.

A seguir, a **vice-reitora do campus de Ferrol e de Responsabilidade Social**, Araceli Torres Miño, informou da constitución do Centro de Investigación en Filosofía da Ciencia, do programa do Feminario, organizado polo Centro de Estudos de Xénero e Feministas da UDC, da celebración da Semana das Universidades Saudables e mais do peche do curso da Cátedra Jorge Juan.

Pola súa parte, o **vice-reitor de Política Científica, Innovación e Transferencia**, Salvador Naya Fernández, deu conta dos asuntos seguintes:

– Cátedra Emalcsa: o pasado 20 de setembro asinou a Cátedra Emalcsa e fíxose o nomeamento de director, o profesor Joaquín Suárez López da ETS de Camiños, Canais e Portos. Esta cátedra institucional ten unha clara vontade integradora e pretende involucrar os distintos grupos de investigación que xa veñen colaborando con esta empresa municipal. O tema sobre o que se sustenta é o desenvolvemento sostible do ciclo da auga. A empresa, ademais da dotación de 50 000 € ao ano para apoiar economicamente a acción da cátedra, tamén nos ofrece un espazo para a oficina da cátedra no local da Casa da Auga.

– Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos: o día 27 de setembro realizouse a primeira reunión do comité de seguimento desta recente cátedra, que dirixe a profesora Ana Álvarez García. Nesta reunión, en que participamos pola UDC a vice-reitora do Campus de Ferrol, Araceli Torres, e o vice-reitor de Política Científica, Innovación e Transferencia, estivo presente o novo director do Estaleiro Navantia, Rafael Suárez, e nela acordouse realizar un ciclo de conferencias e a convocatoria dun premio para traballos de fin de mestrado de carácter industrial ou naval. Serán publicados proximamente xa para este mesmo curso.

– Convocatoria InTalent 2017: a pasada semana cerrou o prazo para presentar as solicitudes da segunda convocatoria de InTalent. O número de solicitudes presentadas foi de 88, das cales 59 son candidatos elixibles. O número é inferior ao do ano pasado pero, aínda así, moi elevado tendo en conta que son só dúas prazas e que máis da metade son novas solicitudes, é dicir, candidatos que se presentan por primeira vez. A maior parte dos candidatos que se presentaron o ano pasado non repiten, supoñemos porque viron que non tiñan posibilidades, dada a alta competencia existente. Temos indicios que indican que hai máis de media ducia de candidatos cun excelente currículo, o que nos aseguraría unha boa selección.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, deu conta dos asuntos seguintes:

– O 24/07/2017 autorizouse a contratación por lista de agarda dun/ha profesor/a na Área de Fisioterapia do Departamento de Ciencias Biomédicas, Medicina e

Fisioterapia ao producirse a baixa por IT e maternidade dunha titular de EU. Ao non estar en período lectivo, a substitución iniciouse o 01/09/2017.

- O 26/07/2017 a Universitat de Valencia vén de autorizar a comisión de servizos para o curso académico 2017/18 que fora solicitada por acordo do Consello de Goberno do 29/03/2017 na Área de Dereito Constitucional.
- O 27/07/2017 autorizouse a contratación como profesorado contratado doutor de forma interina do profesorado axudante doutor que remata o seu contrato ao longo do último cuadrimestre do ano 2017. Trátase de 4 profesores/as incluídos/as nas prazas da OEP 2017. Os contratos serán efectivos o día seguinte da finalización do seu actual contrato.
- O 27/07/2017 autorizouse a contratación como profesorado contratado interino de substitución do profesorado axudante doutor que remata o seu contrato ao longo do último cuadrimestre do ano 2017 e que non puido ser incluído na OEP 2017. Trátase de 2 profesores/as cuxos novos contratos serán efectivos o día seguinte da finalización do seu actual contrato.
- O 01/08/2017 autorizouse a contratación dun lector de inglés para o curso 2017/18 na área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Letras, logo do proceso selectivo realizado a través do procedemento de solicitude de candidatos/as a universidades internacionais.
- O 14/09/2017 autorizouse o cambio de dedicación de P06 a tempo completo de don David Rodríguez González seguindo o procedemento de urxencia debido á baixa por IT e posterior maternidade dunha profesora do Área de Organización de Empresas. Este cambio manterase mentres dure a ausencia da traballadora.
- O 18/09/2017 publicouse a convocatoria das seguintes tres prazas polo procedemento de urxencia debido a causas sobrevidas:

NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
1	Asociado/a	Parcial P06	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	Computación	Facultade de Informática	4502006 Análise de Sistemas de Información 614G01051 Metodoloxías de Desenvolvemento	Enxeñeiro/a en Informática ou graduado/a equivalente	Durante a baixa por IT de don Miguel Rodríguez Rubio (CATEU)
1	Asociado T1	Parcial P03	Fisioterapia	Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	615G01036 Estadías Clínicas II (Atención integral no paciente de accidente de tráfico e valoración do dano corporal)	Diplomado/a en Fisioterapia ou graduado/a equivalente	Renuncia á súa praza dunha profesora asociada T1 con data do 22/07/2017

NÚMER O DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
1	Contratado/a interino/a de substitución	Parcial P06	Lingua Española	Letras	Facultade de Filoloxía	Materias da área	Doutor/a, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou graduado/a	Durante a baixa por IT de dona Cristina Fernández Bernárdez (TITUN)

– O 18/09/2017 autorizouse o cambio de dedicación de P03 a P06 de dona Andrea Seijo Ares seguindo o procedemento de urxencia debido á baixa por IT dunha profesora da área de Fisioterapia. Este cambio manterase mentres dure a ausencia da profesora de baixa por IT.

– O 21/09/2017 a COAP autorizou a concesión de venias docentes a tres profesores da EU de Turismo ao contar con informe favorable dos departamentos da UDC.

– O 21/09/2017 a COAP acordou remitir ao Consello de Social a asignación dos complementos autonómicos por cargos de xestión e de excelencia curricular que foron avaliados favorablemente pola ACSUG.

– O 24/08/2017 presentouse un recurso de reposición contra a resolución pola que se determinan as áreas de coñecemento onde se convocarán as prazas de catedrático/a de universidade da OPE do ano 2017.

De seguido, pasou a informar a **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga:

– O 7/08/2017 recibimos un escrito do secretario xeral de Universidades onde se nos comunicaba que no mes de outubro querían dispoñer unha folla de ruta que servise de guía global para o proceso de mellora das titulacións de grao e mestrado para o trienio 2018-2020. No texto indícase que esta folla de ruta se basea nos compromisos asumidos polos reitores no acordo asinado o 20/03/2017 e partirá do principio do mantemento do tamaño do sistema. A pesar de que nese acordo non se recollían limitacións canto ao número de mestrados, neste escrito indícase que o seu número en 2020 non poderá ser superior ao previsto para este curso, por tanto, os que entren no sistema estarán en función dos que se retiren. No que atinxe ás titulacións multiplicadas no SUG, informámosos de que nunha primeira fase se fará unha selección dalgunhas delas e convocaranse os decanos ou directores de centros correspondentes para ver se se pode avanzar na homoxeneización de contidos en competencias nos dos primeiros cursos, e diversificar a oferta mediante mencións. Trátase dun traballo que xa están facendo os decanos das facultades de Ciencias da Educación cos títulos de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria. Así mesmo, promoverase a fusión de graos existentes e os títulos interuniversitarios. Os graos interuniversitarios non computarán para os efectos de incrementar o número de títulos de grao e as universidades que oferten estes graos recibirán unha partida específica adicional dentro do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020.

– A finais do mes de agosto recibimos un escrito da Secretaría Xeral de Universidades que contén as modificacións necesarias que se deben realizar nas memorias das propostas dos graos en Xestión Industrial da Moda e Paisaxe co fin de obter o informe favorable previo aos enviar a verificación. Canto ás propostas de

títulos de mestrado, aínda non sabemos cales son os que se van poder impartir o vindeiro curso, onte recibimos unha lista das modificacións que incumben a cada un deles.

- Estase a traballar no convenio do grao interuniversitario en Paisaxe, e revisando todas aquelas cuestións de carácter administrativo (matrícula, normas de permanencia, calendarios...) que afectarán ao título.

- O día 27 de outubro terán lugar as II Xornadas de Innovación Educativa na Facultade de Ciencias da Educación. Este ano a conferencia de clausura substituíuse por un panel de experiencias innovadoras, en que se presentarán as catro comunicacións que obtiveron a máxima cualificación por parte do Comité Científico encargado de as revisar. Quero manifestar o meu agradecemento a todos aqueles profesores que mandaron propostas de comunicacións e pósters, aínda que por limitacións temporais non foi posible aceptármolas todas.

- O día 6 de setembro publicouse a convocatoria para a constitución dos grupos de Innovación Educativa. Lémbrovos que o prazo para a presentación de solicitudes remata o día 9 de outubro.

Pola súa parte, a **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, Margarita Amor López, deu conta dos seguintes asuntos:

- Da publicación da Convocatoria de axudas para o transporte urbano na cidade da Coruña e para as áreas de transporte metropolitano da Coruña e de Ferrol. Tamén informou da publicación da resolución das bolsas propias da UDC de colaboración nos departamentos e da resolución das bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado.

- Do inicio do Ciclo de Conferencia Ciencia Express, organizado pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña, en colaboración coa Asociación da Prensa da Coruña e a Deputación da Coruña, para explicar temas de actualidade científica de forma rigorosa e amena.

- Que de acordo co Regulamento dos cursos de extensión universitaria da UDC, a Comisión de Extensión Universitaria debe autorizar os cursos, do cal dará conta ao Consello de Goberno, na sesión ordinaria inmediatamente posterior. Na última Comisión de Extensión Universitaria autorizáronse os cursos da Escola Técnica Superior de Arquitectura que a seguir se relacionan: Iniciación ao BIM en Arquitectura con Revit de Autodesk, cursos de Captación do Laboratorio de Deseño Asistido e Fabricación Dixital e cursos de Iniciación ao Modelismo VIC.

- Nas últimas semanas publicáronse as resolucións dos proxectos solicitados no programa Erasmus+. Na acción chave 2 para o desenvolvemento de capacidades na educación, esta universidade presentou 7 proxectos, 3 como institución coordinadora e 4 como institución asociada. Concedéronse un total de 3 proxectos, un como coordinador, na ETS de Arquitectura, e dous como institución asociada, na Facultade de Ciencias da Educación e na EPS.

O vicerreitor de Economía Infraestruturas e Sustentabilidade, Domingo Calvo Dopico, informou dos asuntos seguintes:

- Da finalización do traballo do grupo do Manual de xestión orzamentaria. Fíxose a actualización dos capítulos 2 a 6 de gastos. Este documento será o documento en que se baseará a elaboración dos orzamentos para o ano 2018. Vaise elaborar unha táboa de equivalencias entre as contas antigas e as novas que xurdiron deste proceso de

traballo. Esta documentación enviarase aos negociados de Asuntos Económicos dos centros.

– En setembro vaise facer unha auditoría dos datos para establecer o cálculo do fondo estrutural para o orzamento do ano 2018 para as diferentes universidades.

– No que respecta a **imputacións e validacións de expedientes de gasto** informa do seguinte:

Imputacións: total imputado: 65 342,41 €

- Informe V-014-17 do 14.06.17 por importe de 65 302,41 €
- **Total imputado: 65 342,41 €**

Validacións:

- Informe C-008-17 do 23.06.17 e importe 585 504,53 €
- **Total validado: 585 504,53€**

– Informa tamén da presentación dun proxecto na Área da Educación e o Medio Ambiente á Fundación Alcoa para ser avaliado polo Comité de Responsabilidade Social Corporativa da mencionada empresa.

A **xerente**, Yolanda Calaza Parajes informou, pola súa parte, da recepción dunha comunicación da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, de autorización da OEP de PAS da UDC (21 prazas para acceso libre, 50 prazas para promoción interna).

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior

Apróbase coa introdución das correccións indicadas polos profesores Luís Hervella, Fernando Agrasar e María José Martín Santamaría.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en oito convenios marco (8), trinta e dous convenios específicos (32), e setenta e nove convenios para prácticas (79) e que son aprobados sen votos en contra.

4. Recursos de alzada (Facultade de Ciencias da Educación e Premio Extraordinario de Doutoramento)

Logo de presentar as propostas de resolución o **secretario xeral** (desestimación da relativa á Facultade de Ciencias da Educación e inadmisión por extemporánea do referido á concesión dos premios extraordinarios de doutoramento), toma a palabra a profesora **Blanca Laffon** para pedir acceso ao expediente completo. O **secretario xeral** e o **reitor** esclarecen que aínda que non estea no repositorio, este está ao seu dispor na Secretaría Xeral. Prosegue a profesora **Laffon** sinalando que en xuño pasado, perante a Xunta da Facultade de Ciencias da Educación, o decano do centro recoñeceu a existencia de malestar e aprobouse unha nova representatividade das áreas sen explicitar a razón do cambio de criterio.

Apróbase, co voto en contra de **Blanca Laffon** a desestimación do recurso de alzada presentado por un grupo de docentes da Facultade de Ciencias da Educación segundo figura no **anexo IV**.

5. Modificación de títulos universitarios oficiais

A proposta, que presentou a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, foi aprobada sen votos en contra segundo figura no **anexo V**.

6. Renovación de títulos propios de posgrado

Presentou a proposta a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** e foi aprobada sen votos en contra, logo de lembrar o **reitor** que todos os títulos cumpren o disposto no Regulamento de títulos propios de posgrado da UDC. A documentación figura como **anexo VI**.

7. Instrución de solicitude de xestión de proxectos europeos do programa Horizon 2020 e doutros proxectos internacionais e de custos indirectos e recursos liberados dispoñibles no marco destes proxectos de I+D

Logo de presentar a proposta o **vice-reitor de Política Científica, Innovación e Transferencia**, Salvador Naya Fernández, toma a palabra o profesor **Vázquez Cendón** para preguntar se esta instrución atinxe ás accións Marie Curie.

Intervén tamén a profesora **Blanca Laffon** para salientar a dificultade de que os proxectos sexan entregados á OTRI con dez días de antelación, en especial no caso de proxectos colaborativos non coordinados desde a UDC.

O **reitor** compromete unha aplicación flexible da instrución. Lembra que do que se trata, contando coa posibilidade de emendar ou completar a solicitude, é de que a OTRI estea informada a tempo, co fin de facilitar o traballo dos investigadores. Son prazos internos, conclúe, e ninguén ficará excluído por non os cumprir.

Pola súa parte, o **vice-reitor de Política Científica, Innovación e Transferencia**, logo de se referir a que a nova instrución tamén recolle o uso dos espazos da oficina en Bruxelas polos grupos de investigación da UDC e a Uvigo, confirma a inclusión dos proxectos Marie Curie. Esclarece o reitor que a porcentaxe que se detraía será sobre o reparto dos *overhead*, de modo que para quen xestione o proxecto non haberá variación ningunha. Onde non haxa *overhead* fixado, este establécese no 13 %.

Carlos Vázquez Cendón insiste na flexibilidade dos prazos. O vice-reitor asente.

A xerente, **Yolanda Calaza Parajes**, incide en que a interpretación que o **reitor** fai dos *overhead* é a correcta. Do que se trata é de axudar ás investigadoras e investigadores e para iso é preciso que a UDC coñeza os proxectos que se van presentar. Alén do máis, sobre os *overhead*, o que a UDC fai é dedicar parte dos que lle corresponden ao fomento e axuda da investigación, por medio de consultoras externas. O prazo de dez días trata de previr ulteriores problemas de xestión.

A proposta, que figura como **anexo VII**, foi aprobada sen votos en contra.

8. Proposta de renovación de membros da Comisión de Relacións Internacionais

Logo de ser presentada polo **reitor** (por ausencia da **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación**), intervén **Xosé Portela** para anunciar a súa abstención por a representante do PAS non ter sido froito da negociación entre o equipo de goberno e a representación do PAS. O **reitor** lembra que a PAS designada non representa ese colectivo. Acerca da elección, sinala que a decisión non é do equipo de goberno, senón do conxunto do Consello, onde está representada toda a comunidade universitaria. Expresa o seu respecto pola opinión de **Xosé Portela** que volve tomar a palabra para reiterar que, se representa o PAS, debería ser consensuada co PAS, o mesmo que se fixo coa representación do estudiantado. O **reitor** recoñece o erro, e propón que se aprobe a composición da Comisión deixando pendente a designación do/a representante do PAS. **Portela** concorda coa proposta.

Natalia Álvarez Lata lembra que se trata dunha comisión técnica e que os representantes nomeados deben ter algunha relación coas relacións internacionais.

Xosé Portela recoñece esta circunstancia e comprométese a que a persoa proposta cumpra este requirimento.

Intervén **Nona Inés Vilariño** para solicitar que a representación do PAS teña en conta a proposta do equipo de goberno. O reitor afirma non dubidar que isto vai ser así.

Apróbase a proposta, que figura como **anexo VIII**, sen votos en contra nos termos propostos polo reitor.

9. Proposta de Regulamento sobre o exercicio do dereito á identidade de xénero na UDC

Logo da presentación realizada polo **secretario xeral**, intervén **Fernanda Miguélez** para se interesar pola información que lle vaia chegar ao profesor. O secretario xeral indica que só o nome e a identidade de xénero elixida.

Nona Inés Vilariño agradece a sensibilidade manifestando, porén, que xa hai unha lei que ampara a estas persoas. Pide que se explique ben para evitar frustracións.

Xosé Portela saúda o regulamento xa que, antes del, a instrución facía depender de cada docente a determinación do nome da persoa. Completa unha instrución que xa era boa.

María Luísa Sánchez Simón celebra tamén a proposta e pide que se difunda o máis posible. Constata que a diverxencia entre o documento de identidade e a tarxeta universitaria pode provocar problemas na identificación do alumnado.

Anxo Calvo manifesta que o regulamento vén solucionar problemas que existen a nivel de cada centro. Apunta a existencia doutro problema, mulleres con maltrato machista que piden cambio de identidade e pregúntase se, por analoxía, non sería posible dar outra identidade a estas persoas.

Carlos Nogueira, en nome do estudiantado, saúda a proposta e compromete a súa colaboración.

Toma a palabra o **secretario xeral** para agradecer as intervencións e sinalar, en relación co problema da violencia machista sinalado polo profesor **Calvo**, que sería preciso elaborar unha instrución específica. «Ou un regulamento específico», acrecenta **Xosé Portela**, que lembra o caso dunha traballadora vítima desta situación que está a solicitar o traslado a outra universidade.

O **reitor** sinala que o regulamento ofrece unha cobertura legal dentro da universidade que non existía. O problema da violencia de xénero é alleo á universidade e, por iso, neses casos a UDC ten que se comprometer ao máximo, mesmo sabendo que a solución depende doutras instancias.

Apróbase o regulamento, que figura como **anexo IX**, sen modificacións nin votos en contra.

10. Proposta de oferta de emprego público para o PAS 2017

Tras ser presentada a proposta pola **xerente**, **Xosé Portela** intervén para reiterar o pronunciamento en contra da Xunta de Persoal por recoller para acceso libre prazas de grupos que, de acordo cos Estatutos da UDC terían que se cubrir por promoción interna. Anuncia o voto en contra por esta razón. Engade que neste ano conclúe a posibilidade de acumulación das OEP de anos anteriores e que corresponde convocar as probas selectivas de forma inmediata. En 2015, sinala, fíxose unha OEP indiferenciada por máis que no documento remitido á Xunta se asignaron a un grupo que non se corresponde co acordado no proceso de funcionarización. Solicita que se corrixa esta discrepancia.

O **reitor** lembra que a cuestión indicada por **Xosé Portela** xa fora obxecto de debate no Consello de Goberno. Manifesta que unha universidade debe poder ofertar en quenda libre prazas para titulados superiores. Nesta convocatoria a oferta é inferior ao 25 % (apenas 2 de 21). Non é asumible que na OEP da UDC a única titulación esixida

para acceder ao PAS sexa o bacharelato. Sobre a corrección da discrepancia, comprométese a estudar o asunto.

Xosé Portela reclama o cumprimento do que os Estatutos establecen no seu artigo 93.3. Solicita que, se non se cumpren, se modifiquen.

O **reitor** contesta que hai que diferenciar entre o acceso á función pública e a provisión dos postos de traballo.

Xosé Portela sinala que a regulamentación xeral da función pública fixa que os funcionarios teñan preferencia para ocupar as prazas que se oferten antes de as sacar á quenda libre.

Nuria Vieira pregunta por que se veñen aprobando no Consello de Goberno as sucesivas prazas de promoción do profesorado. O **reitor** esclarece que as prazas do PDI van todas á quenda libre. **Nuria Vieira** retoma a súa intervención para deixar claro que na provisión por promoción interna se esixe sempre estar en posesión da titulación requirida. O **reitor** sinala que na OPE do PAS xa hai moitas prazas reservadas para a promoción interna, que só dúas de grupos superiores van á quenda libre e que iso non supón incumprimento ningún dos Estatutos.

Xosé Portela toma de novo a palabra para sinalar que a oposición en quenda libre e o concurso de méritos son as dúas formas de provisión de postos de traballo. O **secretario xeral** sinala que está a confundir acceso e provisión. **Portela** remata anunciando a presentación de recursos contra a OEP.

Nona Inés Vilariño defende o dereito de milleiros de rapaces e rapazas a accederen ao emprego público a través da quenda libre, que xa está limitada de abondo polos méritos acumulados por quen xa están dentro da Administración. Alerta contra a endogamia e defende a igualdade no acceso.

Sometida a votación, a proposta, que figura como **anexo X**, foi aprobada por 24 votos a favor, 3 en contra e 6 abstencións.

11. Proposta de creación de seccións departamentais (Departamento de Construción e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas)

A proposta presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, foi aprobada sen votos en contra.

Apróbase, por tanto, a creación das seccións departamentais seguintes:

- Construcións Arquitectónicas
- Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas

12. Proposta de convocatoria de prazas de corpos docentes universitarios

Logo de ser presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, intervén a profesora **María Luísa Sánchez Simón** que, malia entender a necesidade de axilizar prazos, denuncia que dúas das prazas propostas non pasaron pola Mesa. Manifesta que só vai votar favorablemente as seis que pasaron pola Mesa.

María Xesús Lorenzo Modia, en relación con estas dúas prazas, indica que foron aprobadas por unanimidade da área e do departamento e que son os primeiros acreditados na listaxe.

María Luísa Sánchez Simón non discute que sexa así. Só constata que non pasaron pola Mesa.

Teresa López di que na reunión da mesa da semana pasada as dúas prazas non foron remitidas porque aínda non se reunira a sección. Na reunión da COAP, o vice-reitor de **Profesorado e Planificación Docente** comentou que era conveniente

que as tomas de posesión se celebrasen neste curso, co fin de incrementar a taxa de reposición do próximo ano. Por iso pareceu conveniente realizar un consello extraordinario para chegar a tempo ao Consello de Goberno. Esa é a única razón.

O **reitor**, de por parte, lembra que se trata de prazas que xa estaban na OEP e que do único de que se trata é de enviar a convocatoria ao BOE. Pregunta ao Consello se está de acordo en incorporar estas dúas prazas á proposta. O Consello asente.

Finalmente, a proposta é aprobada sen votos en contra e coa abstención de **María Luísa Sánchez** respecto das dúas prazas discutidas, segundo figura no **anexo XI**.

13. Proposta de nomeamento de profesores/as honorarios/as

A proposta, que figura como **anexo XII** é presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, que completa a documentación que consta no repositorio coa solicitude de renovación de Pedro López Gómez, da Facultade de Humanidades, recibida o día 27 de setembro, con efectos desde o comezo do curso académico.

A proposta apróbase sen votos en contra.

14. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra **Fernando Agrasar** para dar conta dun erro que xa foi corrixido, mais que, ao constar na acta da sesión do 20 de xullo que o profesor **Moisés Canle** manifesta que non lle foron contestadas as alegacións formuladas ao grao de Paisaxe, el quere indicar que o problema foi que as respostas que non se enviaran xa foron remitidas.

Anxo Calvo sinala que se están a cumprir dous anos da designación de coordinadores de titulacións e mestrados e pregunta cando vai saír a normativa para nomear os novos. Sobre o convenio asinado coa fundación “Los Comunes” de acordo co cal se lle van ceder espazos universitarios, solicita que se extreme a precaución para que o uso deses espazos non colida coa actividade docente.

María Luísa Sánchez informa de que a xunta e o comité do PDI están a estudar posibles casos de acoso e a elaboración dun protocolo de actuación para eses supostos.

Xosé Portela pregunta polas resolucións reitorais de aprobación de encomendas de xestión á FUAC da xestión económica dos títulos propios e dos de extensión universitaria. Para el trátase dunha sorte de fuxida da vixilancia e control, lembra que a deficiente xestión de proxectos de investigación xa lle provocou á UDC importantes danos económicos. Posiciónase en contra da dupla xestión UDC-FUAC. Noutra orde de cousas, lembra ao reitor diversas peticións como a axilización de procesos de promoción, que se realicen xa os nomeamentos das convocatorias xa rematadas, a repartición da roupa de traballo (que se abra un período extraordinario de solicitude e se revise a roupa asignada a cada posto de traballo) e, finalmente, informa da interposición dun recurso contencioso-administrativo contra o concurso de traslado por non incluír todas as vacantes nos servizos de informática e comunicacións.

A profesora **Sonia Souto** interésase pola demora na convocatoria de prazas de profesorado. Pide celeridade ao servizo de PDI para poder cubrir prazas que teñen asignada docencia no primeiro cuadrimestre.

Carlos Nogueira pregunta polo estado das obras da residencia universitaria e polas obras na pista de atletismo, en concreto, se se vai instalar herba artificial.

O **reitor**, logo de ceder a palabra á **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** (quen sinala que a convocatoria sairá nos próximos días) e mais ao **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** (quen explica que as razóns da demora teñen que ver coa dupla posibilidade de realizar as solicitudes de forma

telemática e presencial), lembra que os centros teñen a capacidade de condicionar a cesión de espazos. Sobre os casos de acoso, expresa a preocupación da UDC. Dille a **Xosé Portela** que non é certo que a xestión da FUAC careza de vixilancia e que, precisamente, ao ser agora totalmente pública, o control é maior. O único que se está a facer é regularizar o título xurídico de acordo co cal se realiza a encomenda á FUAC. E recorda que os problemas co proxecto “Peixe Verde” non se lle poden imputar á FUAC. Sobre os concursos en marcha, sinala que xa houbo reunión coa Xunta de Persoal, xa foi asinada a orde do servizo de bibliotecas. E que canto á roupa de traballo xa se falou coa xefa do negociado correspondente. Do resto, informa de que a Asesoría Xurídica afirma que o concurso é completamente legal, xa que se motiva suficientemente a razón de non convocar todas as prazas (isto é, sincronizar o concurso de traslados coa promoción interna). Portela retruca que a Xunta de Persoal de PAS apoiou de forma unánime a presentación do recurso.

Sobre a residencia universitaria informa de que se traballa coa previsión de que estea rematada en febreiro-marzo e de que poida se abrir o próximo curso e que o financiamento para o equipamento xa está preparado. Sobre as pistas de atletismo, sinala que a UDC xa acadou 500 000 euros da Deputación Provincial e do Concello da Coruña. O que non pode ser, engade, é que pór as instalacións ao dispor de clubs e asociacións alleas á UDC teña un custo para nós. A proposta dun club privado para colocar herba artificial rexeitouse porque impediría a realización de disciplinas de lanzamento. Isto vai impedir que os clubs de fútbol da UDC poidan usar esas instalacións. Finalmente, a vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria sinala que non houbo atraso nas obras das pistas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o reitor remata a sesión ás 12:35 h, do que eu, como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

O secretario xeral
Carlos Aymerich Cano

Visto e praxe
O presidente
Julio E. Abalde Alonso